

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 376/2014**

Por Providencia de Alcaldía de data 25 de setembro de 2014 iniciouse a tramitación para aprobar un baremo para a concesión de axudas de emerxencia social.

Vista a proposta de baremo formulada polos servizos sociais do Concello e vista a competencia de Alcaldía recollida no artigo 21.1.s) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía,

#### **RESOLVE,**

**Primeiro.-** Aprobar o seguinte baremo para a concesión de axudas de emerxencia social:

#### **“BAREMO ECONOMICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**

##### **1.- Tipoloxía de axudas de emerxencia social segundo a súa finalidade:**

- . Vinculadas ao uso da vivenda: aluguer, cuotas de préstamos hipotecarios, ata un máximo de 3 mensualidades.
- . Vinculadas a mellora da habitabilidade da vivenda.
- . Equipamento básico para a vivenda
- . Necesidades primarias: alimentación, vestidos, enxoval doméstico, axudas de atención sanitaria non cuberta polos sistemas públicos de saúde e servizos sociais: tratamentos, elementos protésicos, axudas técnicas...
- . Libros de texto e material escolar para alumnos de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato, pautados polos centros docentes de Ponte Caldelas, exceptuando bacharelato, sempre e cando non estean subvencionados ou cedidos por outras administracións.
- . Outras situacións de emerxencia social non cubertas polo puntos anteriores e que poñan en risco a convivencia familiar ou a integración social do beneficiario/a.

##### **2.- Requisitos**

- A unidade familiar debe estar empadroada e residir no Concello de Ponte Caldelas.
- Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos da axuda solicitada.
- Ter presentada solicitude e documentación requirida polos servizos sociais municipais.

- Os ingresos mensuais totais da unidade familiar non poderán superar o 100% do salario mínimos interprofesional vixente (SMI), incrementando nun 10% por cada membro da unidade familiar.

Entenderase por unidade familiar a formada polo titular, aquelas que manteñan con esta un vínculo de matrimonio ou análoga relación estable, e os descendentes e ascendentes ata o cuarto grao en consanguinidade e ata o segundo grao en afinidade.

Exceptuando nas axudas de libros de texto e/ou material escolar que se terá en conta coma unidade familiar a formada polo titular, aquelas que manteñan con esta un vínculo de matrimonio ou análoga relación estable, e os descendentes ou tutorizados, todos eles menores de 18 anos, así coma os maiores de 18 anos economicamente dependentes.

Para computar os ingresos da unidade familiar teranse en conta a totalidade de ingresos por salarios, prestacións, pensións e outras rendas, asemade terase en conta a declaración da renda do último exercicio, descontando no seu caso, o importe de aluguer da vivenda ou a amortización do préstamo hipotecario, ata un máximo de 500,00€.

Nº membros da unidade familiar	Límite ingresos
1	645,30€
2	709,83€
3	774,36€
4	838,89€
5	903,42€
6	967,95€
7	1.032,48€
8	1.097,01€
9	1.161,54€

- Excepcionalmente para aqueles casos que así se xustifique, poderase admitir, previo informe do departamento de servizos sociais comunitarios, a aqueles solicitantes que superen o baremo económico, non cumpran algunha das condicións esixidas nas presentes bases ou non acheguen algunha da documentación esixida, e así o fagan recomendable para garantir a integración social da unidade de convivencia.

**Segundo.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Así o manda e asina o Alcalde en Ponte Caldelas a 26 de setembro de 2014 do que eu Secretario da Corporación dou fe.



O Alcalde,

Perfecto Rodríguez Muíños.

O Secretario,

Jacobo Barreiro Pimentel